

O ano pasado participaron máis de 2.000 persoas

## **REPSOL PATROCINA A XXI CARREIRA POPULAR DE ARTEIXO**

- **O alcalde de Arteixo, Carlos Calvelo presentou esta mañá a XXI edición desta proba deportiva, que terá lugar o vindeiro martes 1 de maio.**
- **Javier Sancho, director da Refinería da Coruña, destacou que esta iniciativa encaixa nos obxectivos de fomento do deporte e colaboración coa sociedade que promove a compañía.**
- **La Carreira Popular de Arteixo, conta cun percorrido de máis de 12 quilómetros, distribuído en tramos segundo a categoría.**

A Refinería de Repsol na Coruña patrocina por sétimo ano consecutivo a Carreira Popular de Arteixo, dentro do compromiso que mantén coa súa contorna veciñal e o deporte.

O alcalde de Arteixo, Carlos Calvelo, presentou esta mañá no Palacio dos Deportes a XXI edición desta carreira, acompañado pola concelleira de Deportes, Purificación Zas; Javier Sancho, director da Refinería Repsol da Coruña e o presidente do Club de Atletismo de Arteixo, José Carlos Tuñas. Esta noite termina o prazo de inscrición na carreira con máis de 1.600 inscricións ata o momento.

Javier Sancho, director do Complexo Industrial, destacou na súa intervención a importancia que esta iniciativa ten para a compañía, “porque responde claramente aos nosos principios de inclusión e de fomento do deporte, unha iniciativa popular que permite a todos os veciños de Arteixo –e a todos aqueles que se achegan desde outros municipios- gozar dunha xornada de deporte ao aire libre, e enriquece a contorna”.

## **A Carreira Popular de Arteixo**

A Carreira Popular de Arteixo, que terá lugar o vindeiro martes 1 de maio, é totalmente gratuítas e conta cun percorrido total de case 12 quilómetros, distribuído en tramos segundo a categoría.

Este ano, a proba comezará na Avenida Arsenio Igrexas e percorrerá parte do territorio arteixán combinando unha primeira parte de percorrido pola contorna urbana para penetrarse a partir do Paseo Fluvial nunha contorna natural que cambiará de sentido no lugar de O Foxo para chegar á meta no mesmo punto de saída. Os horarios segundo as categorías distribuiranse da seguinte forma:

### **Horarios:**

**10:15 horas - Prebenxamín (210 metros)**

**10:45 horas - Benxamíns-Alevíns (960 metros aprox.)**

**11:00 horas - Infantil-Cadete-Xuvenil (2.800 metros aprox.)**

**11:45 horas - Participantes en cadeira de atletismo e handbike**

**11:45 horas - Categoría Especial**

**11:50 horas - Sénior en diante (11.700 metros aprox.)**